

Discurso do Tolo do Castro no Museo de Viladonga ós compoñentes do Clube Cultural "Valle Inclán" con motivo de faceren a segunda parte da Ruta de don Otto



Ó entraren no museo os beiras de corenta compoñentes da expedición, estábaos agardando o Tolo. Só contaban coa súa presenza, Felipe Arias, Xerardo Pardo de Vera e Tereixa Campo, ademais de D. Emilio Sinde e o Alcalde de Castro de Rei, Arturo Pereiro, que foran recibir ós visitantes. O resto dos compoñentes, ó velo pasear nervioso e apurado, cun caxato na man e un saco ó lombo, traxe de pana escura, alpargatas brancas, sombreiro de palla e barba branca desaliñada, sorprendéronse. Algunhas mulleres mirábanlo desconfiadas e mesmo temerosas.

O primeiro que se dirixiu a el foi Pardo de Vera, que lle preguntou:

- ¿Necesita diñeiro, señor? ¿Quere unha esmola?

Respondeu o Tolo:

- Quen lle dixo a vostede que ando a pedir ¡Non insulte!

Logo, Tereixa Campo tamén lle preguntou:

- ¿E para onde vai con tanta présa?

Ó que o Tolo, sen parar de andar, contestou:

- ¡Vou para onde me dá a gana! Os tolos non recoñecemos fronteiras. Non temos que dar contas a ningún aduaneiro.

Un pouco máis adiante tropezou cun grupo de catro ou cinco mulleres saíndo do váter. Entre elas estaba M^a Pura Campo. Case se asustan ó atopalo de fronte; pero M^a Pura, sospeitando algún tipo de montaxe, comentou:

- Debe ser don Otto.

Interrompeulle o Tolo alporizado:

- ¡Eu non son don Otto! ¡Están vostedes confundidas...! ¡Mulle-res...!, aínda non ben chegaron xa

tiveron que meterse no escusado. Pouco lles debe importar a cultura... Eu non son antifeminista pero valoro máis unha biblioteca ca uns retretes... Outros non.

Interveu Felipe, poñendo paz:

- Sonlle boa xente. Mire, veñen ver este Castro marabilloso e irrepetible.

Xa máis calmado, o Tolo iniciou este diálogo:

TOLO.- Pois logo, que Deus os traia a todos con ben. A vostede, don Felipe, xa o coñecía... A vostede tívenlle xenreira.

FELIPE.- E logo, ¿por que? Que mal lle fixen?

T.- Vostede púxose a remexer aí arriba no Castro e andou foscando nas miñas raíces.

F.- Pero, mire, eu non fun o primeiro.

T.- Ben sei que non é o único culpable. O señor Chamoso e o señor Falcón tamén tiveron moita culpa. Pero vostede foi o principal responsable.

F.- ¿E sabe vostede se foi para ben ou para mal?

T.- Cando veu don Otto eu aínda tiña folgos para impedirle que se puxese a remexer aí onde estaba enterrado parte de min e parte de vostedes.

Neste momento, M^o Pura, recoñecendo ó personaxe, exclamou:


- ¡É o Tolo do Castro!

Este respondeu, moi raposeiro:

- Aínda se ha de considerar moi lista por dar descuberto que son o Tolo do Castro. E, se cadra, vostede leu o “Don Otto de viaxe pola Chaira”, pero vaía que non leu o dicionario de Raimundo de Miguel. (Muestra o voluminoso libro que levaba no saco). Pois eu lino e seino de memoria. Pero agora xa non teño a memoria que tiña, porque a memoria váiseme calcificando e teño que apuntar as cousas. Xa non son capaz de ler dous regos a un tempo como lía cando veu don Otto, que se me galla a vista... Vou vello... Agora xa non lle teño xenreira, don Felipe, porque teño que ir dando morte en min ás malas paixóns... Pero vostede non debiera andar remexendo nas raíces... (Reparando en Xerardo Pardo de Vera). Non sei se non será vostede don Otto... El tamén tiña unha barbiña recortada coma vostede... ¿Ten aí o libro, don Felipe?

FELIPE.- Teño.

Dicindo esto, préstalle o libro ó Tolo e este amosa a todos a portada,



compara a imaxe de don Otto coa cara de Xerardo e segue falando:

- ¡Non cabe dúbida, don Otto é vostede! ¡Hai cousas que non se entenden!... ¿E vive dona Eurika?

Responde Xerardo:

- Vive, si.

Continúa o Tolo:

- Pois déalle moitos saúdos e dígalle que eu sigo estando tolo e que impedín mentres puideren que se puxesen a remexer nas raíces, porque é perigoso. ¡Moi perigoso!, xa que, ó remexer nelas, déixanse ó aire e pódense contaminar con este ambiente deshumanizado e mesmo producírense mutacións xenéticas. Sobre todo é perigoso remexer nas raíces porque se poden matar os mitos... Os mitos están soterrados nas nosas raíces para darlles lentura

e mantelas vivas... Ben sei, don Felipe, que vostede é defensor dos mitos, pero non sei se calcularía ben todo o risco do que fixo... ¿Que será de nós se, ó andar remexendo, foxen despavoridos os mouros que protexen os nosos tesouros e a nosa identidade? ¿Que será de nós se se nos espolia de fadas, meigas, encantamentos, tesouros, trasnos e demaños? ¿Que permanecerá da nosa identidade sen todo iso...? ¡Hai que ter coidado con remexer nas raíces...! ¡É perigoso!

Nisto volveu intervir Felipe:

- Nas nosas raíces atopamos parte da nosa identidade e da nosa cultura. Nelas atopamos, por exemplo, a cultura castrexa, e hai quen atopa mesmo música celta, queimada celta... O que en nós poidera quedar de celtas.



Segue o Tolo:

- Si, pero despois virán os científicos e comezarán a analízalo todo, a destripalo todo... Os científicos son perigosos, porque asasinan os mitos e os mitos son as explicacións poéticas dos poliedros... ¡¡Amigo!! Os mitos son as explicacións líricas dos diamantes icosaédricos... Os científicos repártense as caras dos diamantes para analízalas unha por unha por separado e perden o conxunto... ¡Son perigosos! ¡Son perigosos porque non teñen alma de poeta!

María Rifón comenta algo en voz baixa, pero incréppaa o Tolo:

- ¡Fale máis alto se ten algo importante que dicir e senón non interrompa ¡"carajo"! que non me deixa concentrar!

Responde María:

- Non me tome por unha falta de respecto. Dicía que me parece que vostede vai para científico.

Contéstalle o Tolo:

Non sei para onde vou, que vou vello. Sei que me puxen tolo de tanto ler... Ese señor (por Xerardo) ofreceume cartos ó chegar, a min, que vendín tres lugares para mercar libros... Pobres dos que só teñen a riqueza dos cartos... Meus pais deixáronme moitas propiedades, moitas terras, ¡tres lugares e pico!, pero non me deixaron estudar ó seu debido tempo. Eles tamén pensaban que un home é rico só con ter leiras... Así que, cando fun grande, tiveron que recuar o tempo perdido e púxenme tolo... ¡Púxenme tolo! ¿e

que...? Tolo e todo, sei que os mitos son a linguaxe dos poetas, que non é menos certa ca linguaxe dos científicos e dos matemáticos, pero é máis fermosa... A linguaxe dos técnicos é dura, non ten sentimentos, é hermética. A linguaxe dos poetas pode se críptica ou arcana, pero ten capacidade de ser tenra... Os científicos-técnicos-matemáticos son perigosos... O mesmo calquera día dálles por mataren as letras e deixar só os números, e os números poden ser infinitos pero non teñen matices nin cores... O día que só queden números, ¡adeus palabra! Para eles 90 anos son a suma de 32.850 días máis un por cada ano bisesto, ¡nin un día máis nin un día menos! Para os poetas noventa anos son toda unha longa vida preñada de moreas

de experiencias. Noventa anos son o pan sazonado e amasado con risos e bágoas... ¿Que vai pasar se a algún científico lle dá por pesar os pedrollos ciclópeos do Pedregal de Irimia e descobre que non é certo que medren media arroba por cada tonelada de peso cada dez anos, gracias á fertilidade das augas do Miño? ¿E se o descubren, que...? Mesmo esterilizan o Miño na súa nacementa e perde o poder de empreñar a toda Galicia, e daquela, xa non volve ser o Pai Miño... E cando acaben de medir, pesar, calcular e investigar o mapa do xenoma humano, ¿que vai quedar do mito da nosa relativa liberdade...? ¡Ollo ós científicos! ¡Son perigosos! ¡Son moi perigosos se non teñen alma de poeta!

Vostedes son medio poetas e tamén deben estar medio tolos... Cando podían estar nas súas casa ben quentiños, sentados nunha cadeira comfortable e navegando por internet, circulando por Toquio, por Nova York ou por Xangai, bótanse a andar sen rumbo fixo por entre a brétema, por camiños, carreiros e corredeiras facendo esta ruta do Azúmara. Vanse botar a andar por entre o silencio roto unicamente polas súas conversas apracibles e mesmo polo silencio máis ou menos espeso... ¡Vostedes son medio poetas e están medio tolos...! Vanse botar a andar polas congostras da natureza para escoitar os paxariños e as cantigas das augas. Baixarán polo Cordal, pasarán por xunto da Casa da Torre, da de Zacariade e da de Fontixón. De alí foi, polo visto, un inquisidor. Inquisidores sobraron e sobran en tódolos tempos. Chegarán ó río Azúmara que foi envelena-

do polas minas de arsénico, pero que hoxe son xa memoria histórica. Chegarán a Castro de Rei, unha Vila pequena que conserva a hospitalidade que caracterizou ás aldeas e que as vilas grandes e as cidades xa perderon. Emilio Sinde, que tamén é medio tolo, halles de ensinar os fermosos recunchos que adornan aquel Castro sen rei. Despois de xantar subiran ó Monte da Escrita. Don Felipe, teña moito coidado de non desfacer o mito de que alí tamén pode ser o Monte Medulio...

Comprométese don Felipe:

- ¡Deus me libre!

Segue o Tolo:

- Pode selo como calquera outro sitio. ¡Para nós é o Monte Medulio! Irán máis tarde ver o Carballo de Luxís. Un carballo que, por orde dun vello patrucio, nunca pode ser esmoucado, para que ningún paxariño da Chaira quede sen sitio gratis para poñer o niño. Respecten o Carballo de Luxís!

Dirixíndose de novo a Felipe e en ton de cordialidade:

- ¿Don Felipe, aceptaría ser vos tede de agora en diante o Tolo do Castro?

Responde Felipe:

- Algo tolo tamén estou. Hai quen di que os arqueólogos estamos todos medio tolos, porque só miramos para as pedras. Xa dicía un interno do Psiquiátrico de Toén: “estes arquílogos aínda están máis tolos ca nós”.

Continúa o Tolo:

- Pois, se miran para as pedras para aprender do pasado, para vivir con esperanza o presente e para proxeccionarse con ilusión cara ó futuro,

¡sigan...! ¿Ha de ser o Tolo do Castro ou non?

Responde Felipe:

Se me cede a herdanza, eu cólloa.

Entrégalle o caxato e dille:

- Non é que eu me queira volver cordo nunha sociedade que segue matando os poetas e confundindo os profetas con vulgares adiviños. Tome logo este caxato que ha de ser o Tolo, porque vostede pode ser un científico, pero ten alma de poeta... A min, para o camiño que teño que emprender, xa non me serven caxatos de pao... Por iso, agora voulle axudar á misa ó señor cura aí na capeliña de Couto de A... O señor cura de aquí sempre di a misa en galego e a min gústame.

Comenta Felipe:

- Así debiera ser sempre.

Prosegue o Tolo:

Si, pero a min tamén me gustaba cando comezaba: “Introibo ad altare Dei”.

Responden varios dos presentes:

- “Ad Deum que laetificat iuventutem meam”

Segue o Tolo e remata:

- A “iuventutem” é outro misterio, porque os hai de vinte anos máis vellos ca nós. Non deixen de ser poetas e que Deus os bendiga.

**Xosé Manuel Carballo
(que se dá o caso de que nesta ocasión foi o Tolo, e de que é o autor de “Don Otto de viaxe pola Chaira” e cura de Couto de A)**